



Decreto

Data decreto: ver marxe

Descrición decreto: Aprobación da ampliación da bolsa de emprego de auxiliares de Policía Local.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA – PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, Alcalde - Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confiren o art. 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dita a seguinte resolución:

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/07/2021, aprobáronse as bases e convocatoria do proceso selectivo para a ampliación da bolsa de emprego da contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local ao longo do ano 2021 (Exp: 1355/2021) e publicadas na sede electrónica do Concello, na web municipal no apartado de emprego e no BOP da provincia en data 12/07/2021, establecendo que as persoas que pretendan participar no proceso de selección contarán cun prazo de 5 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no BOP da Coruña para a presentación de solicitudes.

Visto que no apartado 1º de ditas bases se acorda: “Os/as integrantes da bolsa de emprego aprobada por Decreto de Alcaldía núm. 2021/816 de data 02/07/2021, non precisan volver a presentar a solicitude de participación”

Visto que mediante Decreto de Alcaldía núm. 893/2021 de data 21/07/2021, aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos, composición do tribunal e celebración dos exercicios do proceso selectivo para a ampliación da bolsa de emprego da contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local.

Vista a publicación en data 29/07/2021 na web municipal (portal de emprego do concello) e na sede electrónica municipal da acta do tribunal de cualificacións de auxiliares de Policía Local, onde se recollen as puntuacións finais e se outorgaba un prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación das puntuacións no Taboleiro e sede electrónica municipal para que os aspirantes poidan facer alegacións respecto ás puntuacións outorgadas.

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓNS
PAZOS SIEIRO JUAN ANTONIO	**32333**	9.20
ESPIÑO MARQUE UXÍA	**09478**	8.40
SEOANE GONZÁLEZ SERGIO	**48980**	8.20
JAMLADI KHARBOUCHE JIHANE	**15764**	7.60
VILABOA GARCÍA DANIEL	**28228**	7.20
GARABAL MOREIRA JORGE	**81586**	7.20
BABARRO GONZÁLEZ DIEGO	**49441**	6.80
DÍAZ DÍAZ IAGO	**41187**	6.80
COBAS KIM ANTONIO	**48817**	6.00
OROIS AMENAL ROMAN	**80811**	5.80
SEIJAS OTERO ANDRÉS	**90548**	5.60

Unha vez transcorrido o prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación das puntuacións no Taboleiro e sede electrónica municipal para que os aspirantes poidan facer alegacións respecto ás puntuacións outorgadas, sen ter recibido alegacións.

Visto o disposto no apartado 8º) das bases que rexen o proceso selectivo:





8ª.- FORMACIÓN DA LISTAXE PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da listaxe, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para a súa contratación.

Publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, así como na súa páxina web no apartado de emprego.

A listaxe referida aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía coa seguinte vixencia:

- Esta listaxe terá unha duración máxima dun tres anos, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Concello poida acordar a súa extinción mediante a convocatoria dun novo proceso selectivo.
- A inclusión na listaxe non supón en si mesma un dereito á contratación, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir os postos de traballo antes referidos.
É dicir, os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente, por orde de puntuación

A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso se lectivo virá determinada pola puntuación do segundo exercicio

No suposto de empate, terase en conta o establecido no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolvera a favor da muller.

Se isto non for suficiente, o menor tempo acadado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos, que se aplicará en función dos tramos de idade e sexo previstos nos baremos correspondentes.

De persistir o empate, terase en conta a maior puntuación, dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a seguinte bolsa de emprego, conforme o disposto na Base 1º e 8º) das bases e convocatoria do proceso selectivo para a ampliación da bolsa de emprego da contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local. Esta listaxe terá unha duración máxima dun tres anos, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Concello poida acordar a súa extinción mediante a convocatoria dun novo proceso selectivo

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓNS
1	SANTOS CAMBÓN MARÍA	**93448**	❖
2	DEL RÍO MOSQUERA ESTHER	**45276**	❖
3	CASTRO ALDREY CARLOS	**90575**	❖
4	PAZOS SIEIRO JUAN ANTONIO	**32333**	9.20
5	ESPIÑO MARQUE UXÍA	**09478**	8.40
6	SEOANE GONZÁLEZ SERGIO	**48980**	8.20
7	JAMLADI KHARBOUCHE JIHANE	**15764**	7.60
8	VILABOA GARCÍA DANIEL	**28228**	7.20
9	GARABAL MOREIRA JORGE	**81586**	7.20
10	BABARRO GONZÁLEZ DIEGO	**49441**	6.80
11	DÍAZ DÍAZ IAGO	**41187**	6.80
12	COBAS KIM ANTONIO	**48817**	6.00
13	OROIS AMENAL ROMAN	**80811**	5.80





14	SEIJAS OTERO ANDRÉS	**90548**	5.60
----	---------------------	-----------	------

- ❖ Integrante da bolsa de emprego aprobada por Decreto de Alcaldía núm. 2021/816 de data 02/07/2021

Ocúltase parcialmente o número do DNI para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Porto do Son, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE- PRESIDENTE

A SECRETARIA ACCIDENTAL, dou fe,

Asdo. Jose Luís Oujo Pouso

Asdo. M^a Herminia Pouso Maneiro.

